

# Voces de Queempostela

Folleto Mensual  
de Información

Nº14, Xuño-1997

Editado polo  
Colectivo Gai de  
Compostela

## Retrasos, retrasos e más retrasos!!!

A preparación do programa de actos do 28 de Xuño acaparou todos os esforzos dos voluntarios do CGC, co que o resto das actividades que se estaban a desenvolver ficaron paralizadas durante alguns días. Así, a revista *S'homos* verá retrasada a sua saída en várias semanas, até meados ou mesmo finais de xullo. O *Voces de xuño*, que tes nas tuas mans, sai a principios de xullo. Ademais, a preparación da campaña en contra da discriminación homofóbica nos espazos do consumo, que se ha desenvolver en colaboración co CLI, ficou paralizada até o mes de setembro, tras a fin das vacacións. Desde as diferentes comisións de traballo do Colectivo Gai de Compostela pedimos-che desculpas polas molestias causadas.

## Un 28-X pasado por auga

Este ano o mal tempo, a intensa chuvia, botarou a perder a maioria dos actos programados para o 28-X ao ar libre. Así, non se puderon instalar as mesas informativas e tampouco se pudo celebrar o Maripínic'97. Haberá que agardar ate o vindeiro ano... O que si se celebrou foi a concentración reivindicativa na Pza. do Toral. A máis do CGC, a ela acudiron membr@s do grupo "Mil-Homes" (A Coruña), do Colectivo de Lesbianas Independentes (Santiago) e do Movimento Estudantil Universitario (MEU) con senllas pancartas. Ainda que a concorréncia ao acto non foi tan numerosa como nou-

troz anos, leu-se un manifesto e berraron-se consignas reivindicativas. O que si supuxo un éxito foi a festa desa mesma noite. Cunha asistencia de perto de 300 persoas, encheu-se o local, mália ter começado a festa un chisco máis tarde do acordado. A recadación foi alta e as actuacións foron o máis aclamado da festa. O CGC espera que para o ano o tempo axude a superar a concorréncia deste ano.

## Éxito do Vídeo-fórum

O III Ciclo de Video-fórum celebrado tamén co gallo do 28-X na Libraria "Maria Balteira" foi todo un éxito. A sala encheu-se coa proxección de "Beautiful Thing" e de "Cuando cae la noche"; a película de John Waters "Hairspray", coa magnífica interpretación de Divine, xa non tivo a mesma aceitación. O mesmo aconteceu co parlandoiro sobre sadomasoquismo, ao que só asistiron 8 persoas que, así e todo, atoparon moi interesante esta actividade. No que respecta o recital poético, este non se pudo organizar por non estaren disponíbeis no dia programado as persoas requiridas.

## O 28-X noutras cidades

O Colectivo Gai Coruñés "Mil-homes" tamén organizou dous actos co gallo do 28-X: unha festa o dia 27 no "Alfaiate" e un coloquio, no mesmo lugar, co-organizado coa Assembleia da Mocidade Independentista. Por outra banda, O grupo GALEGA de Lugo organizou tamén unha festa o proprio dia 28 no pub "Emo". Finalmente, en Vigo, o Club Faro de Vigo organizou,



como todos os anos, unha conferéncia-coloquio sobre a homossexualidade.

### **Outros grupos no 28-X**

O 28-X non só foi celebrado polos grupos de gais e lésbicas no noso país, tamén foron varias as asociacións que organizaron actos ou levaron a cabo actividades para celebrar o Dia da Libertación Homosexual. A Asemblea Galega da Muller (AGM) proxectou na Libraría "María Balteira" a película "Go Fish". O sindicato estudiantil MEU, a máis de acudir á concentración do 28, distribuiu follas informativas. Por outra banda, Esquerda Nacionalista, formación política integrada no BNG, tamén distribuiu follas informativas co gallo do 28-X. Ademais, as Xuventudes Socialistas de Galicia expresaron o seu apoio aos actos organizados polos diferentes colectivos homosexuais do país e ás reivindicacións neles expresadas.

### **Activistas lésbicas detidas durante un acto reivindicativo!!!**

O dia 27 de xuño foron detidas varias activistas lésbicas, o CGC descoñece ainda o grupo ao que pertencen (non é, de todos xeitos o CLI), que se manifestaban pacificamente e sen al-terar o paso de veículos ou peóns en frente ao Parlamento da Galiza. A falta de coñecer máis detalles sobre este gravísimo incidente, o CGC pensa pre-parar un comunicado de prensa e pór-se en contacto co grupo afectado para estudiar medidas efectivas de protesta ante esta actuación policial.

### **Aprobou-se a Lei de Família**

Durante este mes de xuño aprobou-se no Parlamento da Galiza a denominada "Lei de Familia e da Infancia". O CGC, que xa dispón de varias cópias do texto aprobado, aprécia finalmente nel unha serie de mudanzas substanciais a respecto do texto do proxeito de lei apresentado hai agora un ano. Apresenta-se unha definición de unidade familiar moito más ampla, non condicionada en principio pola orientación sexual das persoas, nem pola sua



situación parental (é dizer, se se teñen ou non fillos). Polo tanto, parecen recoñecer-se as parellas de feito como familias de pleno dereito: dereito a unha vivenda digna, a axudas governamentais, etc... e mesmo á adopción. Na cuestión da adopción, na que se establecen na lei unha serie de criterios de idoneidade para poder adoptar, non se fala da imposibilidade de facé-lo por mor da orientación sexual nem do estado civil d@ solicitante ou da sua parella. Por outra banda, o límite de idade do que se considera poboación infantil reduce-se de 18 a 12 anos, e reconócese o status diferenciado da poboación adolescente. A falta dun estudo profundo deste importante texto lexislativo, o CGC acolleu-no con alegria e cautela, e pasará nas próximas semanas a estudiá-lo polo miúdo cos seus colaboradores xurídicos. O CGC teme que este texto xeral e integrador poda ser modificado e coartado con regulamentos governamentais que non pasan por control parlamentario. Nese caso, o CGC pensa recorrer inmediatamente eses posíbeis regulamentos discriminatórios por via xudicial. Se queres unha cópia do texto da Lei, escrebe-nos ou pasa polo local (só os luns no mes de xullo!).

### **Apresenta-se a campaña "Deixa-te ver!"**

O CGC presentou o pasado dia 28-X a sua nova campaña "Deixa-te ver!" que pretende potenciar a visibilidade pública dos gais na Galiza sen traumas nem exhibicionismos. O folleto no que se basea a campaña ia ser presentado e distribuído no Maripicnic, pero a suspensión deste acto fixo que a campaña se apresenta na festa desa mesma noite. O folleto, feito en colaboración co grupo "Mil-Homes", está a ter unha boa aceitación. Se tes ideas ou comentarios ao respecto non dubides en escribir ou pasar polo local.

#### **Xa Sabes...**

Escrebe ao apartado 191 /  
CP 15780 Compostela

ou por e-mail: [gaiacompos@hotmail.com](mailto:gaiacompos@hotmail.com)

www.gaiacompos.com

Pasa polo noso local:

Rua Entremuros, nº 16, baixo

En Xullo: luns a partir das 20:30